

RESOLUCIÓN do 29 de xullo 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o programa Nexos para fomentar acooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través do apoio a proxectos colaborativos de Investigación, Desenvolvemento e Innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 Galicia 2021-2027, cofinanciadas pola UE nun 60 % no marco do programa de Galicia FEDER 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Axencia Galega de Innovación. DOG 153 (12/08/2025)

Obxeto

Estas bases teñen por obxeto fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación, a través do apoio a proxectos colaborativos empresariais de Investigación, Desenvolvemento e innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades definidas no marco da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 (código de procedemento IN852A).

As axudas tramitaranse en réxime de **concorrenza competitiva**.

Serán incompatibles coa percepción doutras axudas, outros ingresos ou outros recursos para a mesma finalidade ou os mesmos custos procedentes de calquera Administración, ou ente, público ou privado, nacional ou internacional.

Persoas beneficiarias

Agrupacións de empresas (mínimo 3 e máximo 6) que realicen proxectos de I+D+i en colaboración. Cada agrupación contará alomenos con 2 empresas independentes entre sí e poderá participar só unha gran empresa ata un 30%.

Todas as empresas que formen parte da agrupación deberán ter implantado un **sistema dixital de rexistro horario da xornada laboral** ou compromiso de que estará implantado na data de inicio do proxecto.

As agrupacións rexeranse por un documento contractual que as regule e non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición (4 anos dende a xustificación).

Actividades subvencionables

Son actividades subvencionables a investigación industrial, o desenvolvemento experimental, a innovación organizativa e a innovación en materia de procesos.

A cualificación da actividade subvencionable para cada entidade participante no proxecto corresponderá coa que sexa predominante no proxecto.

Características dos proxectos

Os proxectos financiáveis poderán encadrarse nalgún dos seguintes ámbitos estratéxicos: **agroalimentación**, benestar e saúde, economía circular e enerxía, fabricación avanzada.

Os proxectos deberán sempre realizarse en **cooperación con pemes** e ter un **orçamento subvencionable entre 500.000 € e 1.500.000 €**. Esixirase unha participación mínima por cada membro da agrupación de 75.000 €.

Poderá incluírse **unha gran empresa**, cunha participación limitada a un **máximo do 30%** do orzamento subvencionable.

Só se financiarán as **actividades desenvolvidas na CCAA de Galicia**, polo que todos os membros terán un centro de traballo permanente nela.

A solicitude debe presentarse antes do comezo do proxecto.

Coa solicitude adxuntarase unha **memoria técnica do proxecto** con un cronograma do plan de traballo e relación de actividades a desenvolver, os currículos dos membros do equipo humano asignado ao proxecto, e o plan de comunicación e difusión.

Custos subvencionables

Custos directos:

- Custos de persoal.
- Equipamento e material instrumental de nova adquisición
- Materiais, subministracións e produtos similares
- Adquisición de patentes
- Subcontratación
- Outros (custo do informe DNSH, contratación externa plan de comunicación e difusión)

Custos indirectos.

Contía da axuda

A contía máxima da axuda será en función da categoría do proxecto e do tamaño da empresa:

Categoría predominante do proxecto	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas, como mínimo unha delas debe ser peme e ningunha empresa pode asumir por sí soa máis do 70% dos custos subvencionables	60%	60%	60%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas, como mínimo unha delas debe ser peme e ningunha empresa pode asumir por sí soa máis do 70% dos custos subvencionables	60%	50%	40%
Innovación organizativa ou en materia de procesos. No caso de grandes empresas só cando colaboran de xeito efectivo cunha ou varias pemes, as cales deberán asumir como mínimo o 30% dos custos subvencionables totais do proxecto.	50%	50%	15%

As entidades beneficiarias poderán solicitar o pagamento anticipado:

- Anualidades 2025 e 2026: ata o 100% da subvención concedida desta anualidade.
- Anualidades sucesivas: ata o 50% da subvención concedida en cada anualidade.

Criterios de valoración

A valoración de cada proxecto presentado que reúna os requisitos realizarase sobre un total de 100 puntos.

1. Excelencia. Calidade científico-técnica do proxecto: 0-37 puntos (puntuación mínima necesaria 19 puntos).
2. Calidade e eficiencia da implementación do proxecto: 0-30 puntos (puntuación mínima necesaria 16 puntos).
3. Impacto tecnolóxico e socioeconómico do proxecto: 0-31 puntos.
4. Concello emprendedor: máximo 2 puntos.

De cada proxecto faranse dúas avaliacións realizadas por asesores/as científicos/as externos/as que sexan especialistas na materia á que o proxecto se refira. Será requisito necesario para que un proxecto poida ser subvencionado que alcance un mínimo de 60 puntos.

Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o **13 de agosto de 2025 e rematará o 22 de setembro de 2025.**

Prazos de execución e xustificación

	Período de execución		Presentación documentación xustificativa
Ano 2025	Desde	data de presentación da solicitude	31/01/2026
	Ata	31/12/2025	
Ano 2026	Desde	01/01/2026	31/01/2027
	Ata	31/10/2026	
Ano 2027	Desde	01/11/2026	30/11/2027
	Ata	31/10/2027	
Ano 2028	Desde	01/11/2027	15/10/2028
	Ata	30/09/2025	

Orzamento

Aplicación orzamentaria	2025 (€)	2026 (€)	2027 (€)	2028 (€)	Total (€)
07.A2.561A.770.0 (CP: 2023-00002)	520.000	7.400.000	12.400.000	7.680.000	28.000000